



ACTA DO TRIBUNAL PARA A RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓN
PRESENTADAS AO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A
PROVISIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE 1 POSTO DE
TRABALLADOR/A SOCIAL.

Nas oficinas provisionais da Casa do Concello de Begonte, sendo as 14.20 horas do día 26 de outubro de 2017, reúnense, baixo a Presidencia de Dna. Ángeles Corral Debasas, os seguintes señores, integrantes do Tribunal de selección que se constituiu para a contratación - en réxime de dereito laboral temporal - de 1 posto de Traballador/a Social, convocado por Decreto da Alcaldía de data 12 de setembro de 2017 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 217, de 20 de setembro de 2017, no Taboleiro Municipal de anuncios e na Páxina Web, todo elo de conformidade co previsto nas correspondentes Bases reguladoras da selección e contratación.

Presidente: - Dna. Ángeles Corral Debasas, Traballadora Social do Concello de Rábade.

Vogais:

- Dna. Eva Paz Bermúdez, Traballadora Social do Concello de Vilalba.
- D. José Angel Balseiro Amido, Secretario-Interventor do Concello de Rábade.

Secretario: - D. Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario - Interventor do Concello de Begonte.

E o obxecto da reunión a resolución das reclamacións presentadas no proceso de selección convocado para a provisión en réxime laboral temporal de 1 posto de Traballador/a Social e levado a cabo o día 13 de outubro de 2017.

A continuación dase conta da reclamación presentada por Dna. Margarita Agraso Hermida (Escrito do 16 de outubro de 2017, con Rexistro de Entrada no Concello co nº 2886, de 18 de outubro) na que se solicita a revisión da valoración de méritos realizada no apartado da experiencia laboral en canto que se puntuou con 0 puntos e se ten aportado varios contratos de traballo relacionados co posto.

Á vista da devandita reclamación, o Tribunal - por unanimidade - entende que non procede a súa estimación en canto que as bases da correspondente convocatoria, no apartado da valoración dos méritos relativos á experiencia profesional, recolle expresamente que para a súa valoración a prestación de servizos o seña en " postos de traballador/ a social " e non una prestación de servizos " relacionados co posto de traballo " como se alega pola reclamante.

En consecuencia, e en base ao anteriormente exposto, o Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada por Dna. Margarita Agraso Hermida, elevando a definitivas as puntuacións recollidas na Acta do Tribunal do día 13 de outubro de 2017, dándose traslado da presente ao sr. Alcalde-Presidente para a resolución que proceda e dispoñendo a oportuna publicación para xeral coñecemento no Taboleiro de Anuncios e Páxina Web municipal.

Contra o presente acto, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñerse o Recurso de Alzada ante o sr. Alcalde-Presidente da Corporación, no prazo de 1 mes desde a publicación da presente Acta, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, podendo así mesmo interpoñerse calquera outro que se estime convingente.

Rematado o acto, e sendo as 14.30 horas, asíñase polos que interveñen a presente acta en duplicado exemplar, no lugar e data ao comezo sinalados.



Os Membros do Tribunal de Selección.

Three handwritten signatures in blue ink, positioned below the stamp and the text "Os Membros do Tribunal de Selección".